

Converxer sentimentos

Despois dunha longa llistaxe de libros pola que é coñecido e recoñecido, Antón Cortizas Amado (Ferrol 1954) presenta na serie laranza da colección “Camaleón” que edita Planeta & Oxford una noveliña *Os amores de Bruno*, na que as diferenzas se converten no punto de encontro dos personaxes, na que o afastamento físico entre países chegará a ser un principio de unión e na que os sentimentos converxen cara a un obxectivo común como é a tolerancia e a aceptación do outro.

O autor de títulos como *O coleccionista de sombras*, *Memorias dun río*, *O conto dos sete medos*, *A bruxa sen curuxa*, *Os gritos das illas Lobeiras*, *Historias e algún percalce todas ditas en romance*, *Contos de vento e de nunca acabar*, *A merla de trapo* ou *Onde o sol non adormece* elixe agora para a súa historia un marco de riqueza inigualable, capaz de integrar e acoller, de crear mundos maravillosos, onde os sonhos se fan realidade e a realidade é ensoñada, como é a escola, una escola aberta a todos, onde teñen cabida os negros, os amarelos, os rosados, os tostados, os avermellados, os brancos e mesmo os verdes.

Un paseo pola tolerancia

 MARÍA NAVARRO

Da man do protagonista, Bruno, o narrador vai levando os lectores polo paseo da tole-

rancia. Para iso, primeiro presenta os personaxes, todos diferentes e todos iguais, logo adica uns capítulos á intervención e solución de problemas nos que non falta o arrepentimento dun adulto polo seu nefasto comportamento ante os rapaces e algún que outro conflito amoroso e remata o relato coa inclusión dun elemento sobrenatural, a chegada de Esmeralda a clase, que reforza a idea da diferenza, pero que desbarata a dose de realismo -aínda que fose utópico- que ata agora aparecía como pano de fondo da novela.

Non obstante, as boas intencións, o desexo dun mundo mellor que tome como modelo o mundo dos nenos e o soño como elemento indispensable na vida das persoas convértense nas pezas fundamentais sobre as que descansa a novela. Se a isto lle engadimos una prosa áxil, directa e moi cercana a emoción e o entretemento está asegurados.

CORTIZAS AMADO, A.,
Os amores de Bruno
(Ilustr. M^a Carmen Ferrín Prieto), Ed.
Planeta & Oxford, A
Coruña, 2008, 132
páxinas.

